

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Centros Integrados de Formación Profesional**

## **Convocatoria de 4 bolsas Erasmus+ para estudantes.**

**BIP OBRADOIRO DE CINE ANALÓXICO NO INSAS**

(Institut National Supérieur des Arts du Spectacle et des Techniques de Diffusion)

## BIP OBRADOIRO DE CINE ANALÓXICO NO INSAS (Institut National Supérieur des Arts du Spectacle et des Techniques de Diffusion)

**Instituto organizador:** INSAS (Institut National Supérieur des Arts du Spectacle et des Techniques de Diffusion) - Bruxelas.

**Datas do programa presencial:** do 2 ao 11 de xullo.

**Idioma de traballo:** Inglés.

Dirixido a estudantes de **CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe** ou do **CS Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos (2º curso ou modular final)**

**Número de participantes:** 4 alumnos

### Descrición do Programa:

O programa **BIP ERASMUS** ofrece unha experiencia formativa intensiva en cine analóxico nun dos centros máis prestixiosos de Europa, o INSAS de Bruxelas. **Durante 10 días presenciais**, o alumnado seleccionados recibirán formación teórico-práctica en:

- **Técnicas de filmación en 16 mm e 35 mm**, explorando as particularidades do cine en formato analóxico.
- **Procesos de posproducción**, con especial atención á gradación de cor para garantir a calidade visual do material filmado.

### Requisitos de participación:

- Ser estudante dos ciclos de **CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe** ou do **CS Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos**
- Nivel medio/alto de **inglés** (lingua de traballo)
- Disponibilidade para participar tanto en actividades presenciais como en liña.
- Motivación polo cinema analóxico e aposta pola formación práctica intensiva.

Ademais da formación presencial, o programa inclúe traballos colaborativos en liña, antes e despois do encontro en Bruxelas, con estudantes doutros centros europeos seleccionados, promovendo un enfoque intercultural e colaborativo.

### Criterios de Selección:

A selección dos 4 alumnos realizarase mediante un proceso de baremación que consistirá:

<b>a) Expediente académico (máximo 4 puntos).</b> Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos máximo 4 puntos)	
• Nota media inferior a 6	1 punto.
• Nota media comprendida entre 6 e 7	2 puntos.
• Nota media maior que 7 e inferior a 9	3 puntos.
• Nota media igual ou superior a 9	4 puntos.
<b>b) Carta de motivación</b> onde se expoñan exemplos de proxectos ou experiencias anteriores relacionadas (máximo 10 puntos)	
<b>c) Coñecemento de inglés como idioma de traballo</b> (máximo 4 puntos)	
• Certificación de nivel B1	1 punto.
• Certificación de nivel B2	2 puntos.
• Certificación de nivel C1	3 puntos.
• Certificación de nivel C2	4 puntos.
<b>d) Entrevista persoal (máximo 10 puntos)</b>	
<p>A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.</p> <p>De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.</p> <p>Deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos neste apartado para poder ser seleccionado/a.</p>	

### Inscricións:

Os /as interesados/as deberán enviar a súa solicitude como moi tarde o 18 de decembro de 2024 ao correo electrónico de contacto: [internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal](mailto:internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal)

### A solicitude debe incluír:

1. Carta de motivación (máx. 1 páxina).
2. Certificado de nivel de inglés (se o teñen).

### Observacións:

Este programa BIP é unha oportunidade única para experimentar as técnicas e procesos do cine en formato analóxico, enriquecendo non só as habilidades técnicas, senón tamén a perspectiva artística dos participantes.

Para obter máis información, podes contactar coa profesora **Irene Seara**: [iseara@edu.xunta.gal](mailto:iseara@edu.xunta.gal) ou a través do correo [internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal](mailto:internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal).